

Esta comisión terá como funcións:

a) Efectuar o seguimento do cumprimento dos compromisos asumidos polas partes asinantes deste acordo.

b) Resolver as dúbidas e controversias que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas deste acordo.

c) Revisar anualmente os resultados obtidos en aplicación dos plans de sustentabilidade financeira presentados polas universidades, así como os obxectivos marcados nos respectivos contratos programa.

Para estes efectos a comisión poderá solicita das universidades asinantes a información necesaria para constatalo.

d) Propor, á vista dos resultados obtidos, a revisión da estrutura do plan ou dos indicadores que sexan precisos para reflectir a consecución de obxectivos de xeito adecuado.

e) Calquera outra que derive da execución do convenio e do espírito deste.

E en proba de aceptación, asinan de conformidade, no lugar e data indicados, comprometéndose a colaborar na plena e eficiente execución e desenvolvemento do Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia 2011-2015, segundo os principios de confianza lexítima, boa fe, lealdade institucional, transparencia e servizo á sociedade e ao interese xeral.

A conselleira de Facenda, o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, o conselleiro de Economía e Industria, o reitor da Universidade de Santiago de Compostela, o reitor da Universidade da Coruña e o reitor da Universidade de Vigo.

*Resolución do 7 de xaneiro de 2011, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se modifica a Resolución do 29 de decembro de 2006 pola que se convocan listas de profesorado colaborador para impartir os cursos de galego promovidos pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, se establecen os requisitos que deben posuír as persoas aspirantes, así como os criterios de baremación que se terán en conta para a elaboración das listas e o réxime de chamamento para impartir os cursos.*

Tras a publicación e entrada en vigor da Resolución do 29 de decembro de 2006 e despois de catro anos de funcionamento da lista de profesorado colaborador, faise necesario establecer requisitos distintos para impartir cursos preparatorios das probas Celga e cursos de linguaxes específicas, de tal maneira que os primeiros deles só poidan ser impartidos por demandantes de emprego en situación

laboral de desempregados; cómpre, así mesmo, perfilar o réxime de chamamento e as causas que determinan a baixa na lista.

Por todo o exposto, e en uso das facultades que me foron conferidas,

#### DISPOÑO:

Artigo único.-Modificación da Resolución do 29 de decembro de 2006 pola que se convocan listas de profesorado colaborador para impartir os cursos de galego promovidos pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, se establecen os requisitos que deben posuír as persoas aspirantes, así como os criterios de baremación que se terán en conta para a elaboración das listas e o réxime de chamamento para impartir os cursos, do modo que a seguir se expón:

Un.-Modifícase o artigo 3º, que queda redactado do seguinte xeito:

#### Artigo 3º.-*Requisitos.*

Poderán solicitar ser inscritas na lista as persoas que reúnan os seguintes requisitos:

1. Ser licenciado/a en filoloxía galega ou en filoloxía hispánica, sección galego-portugués, ou ser graduado en lingua e literatura galega.

2. As persoas que xa impartisen cursos de galego como profesores colaboradores desta secretaria xeral.

3. Ter feitos e avaliados positivamente os cursos de formación para profesorado de lingua galega, linguaxes especializadas e/ou extensión cultural que realiza a Secretaría Xeral de Política Lingüística.

4. Ser demandante de emprego para poder impartir os cursos de linguaxes específicas e os cursos que se realicen fóra de Galicia; ser demandante de emprego en situación laboral de desempregado/a para poder impartir os cursos preparatorios das probas Celga. No momento de ser nomeado para impartir un curso, o profesor ou profesora colaborador/a deberá entregar no gabinete de normalización lingüística da súa respectiva provincia:

-No caso de que vaia impartir un curso de linguaxes específicas, a tarxeta de demanda de emprego actualizada

-No caso de que vaia impartir un curso Celga, o informe de situación laboral e situación administrativa expedido pola oficina de emprego en que figure como situación laboral actual desempregado/a.

Dous.-Modifícanse os dous primeiros puntos do artigo 10º, que quedan redactados do seguinte xeito:

Artigo 10º.-*Réxime de chamamento para impartir os cursos.*

1. Segundo o indicado no artigo anterior, para facilitar a dispoñibilidade horaria e a participación do

profesorado, os chamamentos efectuaranse respectando o criterio de delimitación das áreas xeográficas manifestada nas solicitudes.

Se non houberse profesorado dispoñible nunha determinada área xeográfica, acudirase ás listas das áreas máis próximas. Se, para impartir un curso preparatorio das probas Celga non houberse profesorado co requisito de «ser demandante de emprego en situación laboral de desempregado/a», chamarase profesorado que estea apuntado na listaxe como «demandante de emprego».

2. Orde dos chamamentos: os chamamentos efectuaranse segundo a orde da lista de baremación definitiva e ofertaráselle un curso de forma sucesiva a cada un dos profesores e profesoras. Unha vez rematada a lista, volveráselle ofrecer á primeira persoa da lista, e así de forma sucesiva durante a vixencia desta. Cada ano empezaranse os chamamentos pola primeira persoa da lista.

Malia o anterior, ás profesoras ou profesores que se designen para impartir cursos por primeira vez asignaráselles os cursos do nivel inicial do tipo de cursos que soliciten impartir. Para impartir cursos de linguaxes específicas por primeira vez, será necesario ter impartidos anteriormente cursos preparatorios das probas Celga e realizados os cursos de formación de profesorado para a modalidade de linguaxe de que se trate.

Tres.-Modifícase o artigo 11º, que queda redactado do seguinte xeito:

Artigo 11º.-*Baixa na lista.*

1. Baixa definitiva na lista.

A baixa definitiva na lista producirase polas seguintes causas:

a) Non cumprir os requisitos previstos no artigo 3º desta resolución, especialmente no tocante a ser demandante de emprego.

b) Rexeitar a oferta de cursos ou non contestar en prazo por tres veces, sempre que os chamamentos correspondan á área ou áreas xeográficas escollidas na solicitude

c) Baixo rendemento ou obtención de cualificación negativa nas avaliacións ou auditorías realizadas pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, dentro da súa función de seguimento e control da calidade dos cursos.

d) A constatación do incumprimento por parte do profesorado das bases ou normativa reguladora dos cursos. Especificamente, que o profesor siga impartindo o curso no caso de que non asista, a partir do terceiro día, o número mínimo de alumnos que dispón a convocatoria, sen ter avisado o gabinete e sen contar coa súa autorización para seguilo impartindo.

2. Con carácter xeral, a baixa definitiva na lista será ata que se solicite entrar nela na actualización

que se faga para a convocatoria do ano seguinte, agás nos supostos estipulados na alíneas c) e d), en que haberá que deixar correr unha convocatoria de cursos para solicitar a súa incorporación a ela. En todo caso, con carácter previo á resolución pola que se acorde a baixa, comunicaráselle o motivo da baixa e daráselle audiencia previa á persoa interesada.

3. As profesoras ou profesores colaboradores que figuren na lista estarán obrigados a comunicar calquera outra circunstancia que os inhabilite para impartir os cursos, que non lles permita impartir cursos temporalmente ou que poida afectar a súa situación na lista; se for preciso achegarán a documentación correspondente.

Catro.-Inclúese unha disposición transitoria, que queda redactada de seguinte maneira:

*Disposición transitoria*

Todas as persoas que figuran na lista para impartir cursos preparatorios das probas Celga deberán entregar, no prazo comprendido entre o día seguinte ao de publicación desta resolución e o 15 de febreiro de 2011 incluído, o informe de situación laboral e situación administrativa expedido pola oficina de emprego en que figure como situación laboral actual desempregado/a. As persoas que non a entreguen seguirán figurando na lista pero só serán chamadas para impartir cursos de linguaxes específicas, sempre que estivesen cualificadas e apuntadas para impartilos.

*Disposición derradeira*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no DOG.

Santiago de Compostela, 7 de xaneiro de 2011.

Anxo M. Lorenzo Suárez  
Secretario xeral de Política Lingüística

**CONSELLERÍA DE CULTURA  
E TURISMO**

*Orde do 12 de xaneiro de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos de Galicia e ás súas entidades públicas con personalidade xurídica propia, para o equipamento e a mellora das instalacións e locais utilizados para a realización de actividades culturais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2011, co cofinanciamento de fondos Feder.*

O ámbito de actuación da Consellería de Cultura e Turismo responde ao vixente marco institucional de